

Acceso a Maiores de 25, 40 e 45 anos

CURSO 2013-2014

Consulta a nosa web:
www.acoruna.uned.es**Acceso maiores de 25 anos**

Existen dúas alternativas para superar a proba libre de acceso para maiores de 25 anos:

1.- Matricularse no **curso de Acceso** para maiores de 25 anos. En que consiste este curso:

- É como calquera outro curso. Hai un programa de estudos para cada materia, apoio docente en calquera das modalidades que ofrece a UNED; asistir a titorías presenciais no centro asociado que imparte o titor correspondente, aos cursos virtuais dende un PC ou pódese consultar dúbidas ao equipo docente en sede central.
- Hai probas presenciais -exames- de cada materia en dúas convocatorias -oportunidades- en maio/xuño e en setembro.
- Os estudantes matriculados no **curso de Acceso** para maiores de 25 anos que superen só unha das dúas fases da que se compón a proba cunha cualificación de **polo menos 5 puntos**, e non superasen a proba completa, poderán conservar a cualificación da fase superada e facela valer no curso de Acceso para maiores de 25 anos da UNED no curso académico inmediatamente posterior, no que deberán superar só a fase que lles quede pendente.
- Dispoñen de avaliación continua.

2.- Inscribirse na **Proba Libre de Acceso** para maiores de 25 anos

- Non é un curso, é unha proba.
- Hai unha única convocatoria para realizar a proba: meses de maio/xuño.
- Non se conserva a cualificación da fase superada, en caso de non aprobar as dúas.
- Non poden presentarse ás probas de avaliación continua, polo que a cualificación depende só dos resultados dos exames.

Prazo de matrícula:

- Ata o 28 de outubro de 2013.
- Exclusivamente por internet.

Acceso maiores de 40 anos

- Acceso por Acreditación de experiencia profesional valorada polo órgano correspondente da universidade.
- Mínimo de 10 anos de experiencia laboral ou profesional.
- Este acceso permitirá matricularse nun Grao relacionado coa experiencia acreditada.
- Non deberán ter título que de acceso á universidade -PAU-selectividade, diplomatura, licenciatura, título de FP de técnico superior ou equivalente-.
- Ter cumprido 40 anos antes do 1 de outubro de 2013.

Prazo de solicitude:

- Do 1 de abril ao 11 de abril de 2014.

Secretaría do Centro na CoruñaCorreo electrónico: info@a-coruna.uned.es

Teléfono: 981 14 50 51

Horario de luns a venres: mañás de 09:00 a 13:00 horas e tardes de 16:00 a 19:00 horas.

Secretaría da Aula de Ferrol:Correo electrónico: info@ferrol.uned.es

Teléfono: 981 36 40 26

Horario de luns a venres: tardes de 16 a 20:30 horas.

Acceso a Maiores de 25, 40 e 45 anos

CURSO 2013-2014

Acceso a maiores de 45 anos

- Cumpran ou cumprisen 45 anos antes do 1 de outubro de 2014.
- Non deberán ter título que de acceso á universidade -PAU-selectividade, diplomatura, licenciatura, título de FP de técnico superior ou equivalente-.
- Hai dúas alternativas para superar a proba de acceso de maiores de 45 anos:

1.- Matricularse no **curso de Acceso** para maiores de 45 anos:

- É como calquera outro curso. Hai un programa de estudos para cada materia, apoio docente en calquera das modalidades que ofrece a UNED; asistir a titorías presenciais no centro asociado que imparte o titor correspondente, aos cursos virtuais dende un PC ou pódese consultar dúbidas ao equipo docente en sede central.
- Hai probas presenciais -exames- de cada materia en dúas convocatorias -oportunidades- en maio/xuño e en setembro.
- **Prazo: do 12 de setembro ao 28 de outubro de 2013.**

2.- Inscribirse na **Proba Libre de Acceso** para maiores de 45 anos:

- Non é un curso, é unha proba.
- Hai unha única convocatoria para realizar a proba: meses de maio e xuño.
- **Prazo: do 28 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2014.**

Todos os textos do CAD na librería do Centro Asociado

- 981 14 59 58
- libreria@a-coruna.uned.es
- www.acoruna.uned.es/libreria